

TRABALLO DE HISTORIA ORAL

ANTONIO MARTINEZ LEDO

Sheila Martínez Rodríguez

Nome: Antonio Martínez Ledo
Nacido: 1 de Febreiro de 1934,
Idade: 73 anos.
na cidade da Coruña.

Meu avó, Antonio Martínez ten 73 anos, naceu o 1 de Febreiro do ano 1934. Naceu na Coruña capital, na casa de seus país na rúa Cantón Pequeno, 26.



Fachada da casa de nacemento

A súa infancia transcurriu entre A Coruña e Guisamo, na casa de seus avos paternos. Pertencía a unha familia humilde e numerosa.



Antonio no carrito co seu irmán Pepiño e nai

Eran cinco irmáns, Pepiño, o que finou a os 10 anos, el que quedou coma irmán maior, e a súas irmás, Pilar, Teodora, e Teresa; todos vivían cos seus pais, nuha rúa de pleno centro da capital da Coruña, dita casa tiña varias habitacións aínda que non o recorda, pois marchou de alí cando só tiña un ano de idade, para outra rúa da capital coruñesa, rúa Primo de Rivera, onde naceu unha das súas irmans (Pilar), alí estableceuse, ata que marchou á rúa Emilia Pardo Bazán, 35-5. Este último domicilio, era o último piso e tiña unhas 6 habitacións e un baño amplo e un aseo, sin contar ca cociña.



Antonio o 2º pola dereita, de pe, co resto familia.

Antonio, poido facer os estudos primarios, que antigamente se chamaban así, hoxe EGB, os estudos realizounos na Plaza de Vigo, cerca da súa casa familiar. Con 14 anos xa se puxo a traballar, para poder axudar a economía da casa; o primeiro foi forrando botóns nunha mercería, de alí pasou a traballar nunha droguería, na que era de mozo de recados, levando paquetes, desde ese almacén ás casas e outros sitios, que lle mandaban. Nun deses recados tivo un percance, foi atropelado por un coche, por o cal afortunadamente non lle trouxo ningunha secuela grave.

No ano 1953 e 1954 foi xogar co equipo dos Merinos(mera),logo foi cos seus compañeiros de xogo a un baile ó pobo de Montrove(Oleiros). Neste baile o presidente do equipo presentoulle á que máis tarde sería a súa dona (miña avoa, Carmen). No ano 1956 cando tiña 21 anos, tivo que marchar para o servicio militar obrigado polas leis do momento, sinon acusavano de desertor o seu destino foi Burgos capital, no destacamento San Marcial nº 7, 5ª compañía, de cabo primeiro. En dito destacamento estivo un ano e medio, de cando en vez viña de permiso a ver a sua familia e a ver a sua moza.

Antonio lavando na mili, primeiro pola esquerda



Ao licenciarse empezou nun traller de ebanistería no que aprendeu o seu oficio de carpinterio, despois foise a dedicarse a construción, unhas veces con empresas e outras veces co seu pai José. Na construción estivo de carpinteiro e de encargado de obra, tendo algunhas veces a seu cargo 112 persoas na empresa chamada Urbilar.



Antonio no centro, traballando co seu pai(dereita)

Cando estaba desempeñando os labores de carpinteiro e antes de pasar as obras, casou no ano 1961, o 10 de setembro, con Carmen Martínez Gómez, tras varios anos de mozos(oito anos). Nesta fecha cobraba sobre unas 300 pesetas a semana, pois antigamente se cobraba semanalmente; estaba na empresa Urbilar e xa con dous fillos, Jorge (3-12-1963) e Marta(25-2-1966), estivo ca empresa de contrucción por varios puntos da xeografía española, como León e Valladolid, deixando a súa dona e fillos na casa onde viñan (Montrove).



Antonio co fillo en brazos, pai e irmás

Naquela época asegura que se vivía con medo, pola república. Daquela etapa da Guerra Civil, Antonio non recorda case nada, pois era moi cativo. Ó matar Franco ó que gobernaba a república pasou a gobernar como dictador o Generalísimo Franco. O ambiente na sociedade no mandato do dictador, era de medo.

A Antonio e a súa familia, tanto na guerra civil, como na época de Franco, non lle cambiou moito a vida familiar. A casa dos seus avos en Guisamo era unha casa solariega, das familias de Bergondo, axudaban a todos cantos podían, pois tiñan escola e mercería, e a súas tías cosían e a economía familiar era bastante tranquila, dentro da época. Nesa época a xente traballaba ía e noite para sacar a suas familias adiante, pero ese non era o caso de Antonio; si traballaban todos moito nas terras e nos negocios que tiñan na casa de seus avos de Guisamo. Na familia paterna de Antonio eran dezoito irmáns e todos traballaban duramente e se axudaban uns aos outros, sobre todos entre familia.



Pai de Antonio na época militar (Dereita)

Dita familia paterna de Antonio era de dereitas, e pertencían ao bando dos falanxistas, defendendo a tendencia nacionalista e a tradición relixosa Española. A familia de Antonio non lle trouxo ningún problema importante, pero si tiñeron atrancos, cando tiñan reunións por a súa ideoloxía política, tendo que desfacer rápidamente ditas reunións clandestinas, para discutir e comentar os seus pensamentos, pero nunca os pillaron.